

PROXECTO EDUCATIVO

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN - MARCO LEGAL

2.- ESTUDO E ANALISE DO CONTEXTO ESCOLAR.

2.1.- DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO

2.2.- ESTRUCTURA E ELEMENTOS MATERIAIS

2.3.- EQUIPAMENTO

2.4.- CENTROS ADSCRITOS

2.5.- HORARIO E OFERTA EDUCATIVA

2.6.- UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

2.7.- PERSOAL DOCENTE

3.- TRAZOS DEFINIDORES DA NOSA PEDAGOXÍA.

3.1.- SINAIS DE IDENTIDADE

3.2.- LINGUAS DO CENTRO

3.3.- LIÑA METODOLÓXICA

4.- OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.

4.1.- ÁMBITO PEDAGÓXICO

4.2.- ÁMBITO INSTITUCIONAL E ADMINISTRATIVO

4.3.- AMBITO HUMANO

5.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO.

5.1.- ÓRGANOS COLEXIADOS

5.2.- ÓRGANOS UNIPERSOAIS

5.3.- EQUIPOS DOCENTES

6.- RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E CO ENTORNO

7.- ANEXOS

1.- INTRODUCCIÓN – MARCO LEGAL

No Decreto 374/1996 do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, establécese que estes Centros deben elaborar un Proxecto Educativo de Centro seguindo estas disposicións:

O Equipo directivo elaborará o PEC partindo das características de situación, contorno, alumnado e profesorado do centro.

Os apartados que se incluírán no PEC serán os seguintes:

- Obxectivos do centro
- Fins e intencións educativas
- Oferta educativa
- Organización xeral
- Regulamento de Réxime Interior
- Relacións coas familias e institucións

A inspección educativa supervisará o PEC, comprobando a súa adecuación ó establecido na lexislación vixente.

Este documento marca a personalidade do centro e servirá de base para a elaboración das diferentes programacións. Así mesmo complétase con outros documentos de xestión que se relacionan no último epígrafe.

2.- ANALISE SITUACIONAL. ESTUDO E ANALISE CO CONTEXTO ESCOLAR.

2.1.- DATOS XERAIS DO CENTRO

Entorno

O “**C.R.A. DE TEO**”, baixo a titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, atópase no Concello de Teo, ao Sur da provincia de A Coruña, no val do Río Ulla. Está delimitado ao Norte polos Concellos de Santiago de Compostela, Ames, Brión e Rois; ao Sur, A Estrada; ao Leste, Vedra e ao Oeste, Padrón.

Ten unha **superficie** de 80 km² e unha poboación superior os 15.000 habitantes distribuídos nas seguintes parroquias: Bamonde, Cacheiras, Calo, Lampai, Luou, Luci, Os Tilos, Oza, Rarís, Recesende, Reis, Teo e Vilariño.

Presenta unha **densidade de poboación** alta, debido en gran parte ao auxe da construción inmobiliaria nestes últimos anos. Este feito, ven dado pola excelente localización do concello, pois está situado a uns 12 km da capital de Galicia.

É un concello no que a maioría dos seus **habitantes** traballan no **sector** servizos, construción e empregados industriais. O nivel socioeconómico é medio-alto. Respecto ao aspecto cultural é un concello moi activo xa que en case todas as parroquias funcionan asociacións culturais.

Segundo os datos obtidos nunha **enquisa sociolingüística** a **lingua maioritaria** entre o alumnado é o galego nun 90% e o castelán nun 10%. Esta enquisa e os seus resultados están recollidos no Proxecto Lingüístico.

Datos xerais

Código da localidade	15866
Código do Centro	15026169
C.I.F.	Q6555341D
Teléfonos/ Fax	881867105/ 673302897
E-mail	cra.teo@edu.xunta.gal

2.2.- ESTRUCTURA – ELEMENTOS MATERIAIS

En canto ás **Características do Centro**, o máis significativo é a propia natureza do mesmo. Trátase dun Centro Rural Agrupado, e este feito dálle unha personalidade propia ao Centro Educativo. Este está formado por un total de **5 escolas** espalladas por cinco das trece parroquias que integran o Concello de Teo, tal e como aparece indicado no seguinte cadro:

ESCOLAS	PARROQUIA	E.I	E.P
CACHEIRAS	CACHEIRAS	1	1
CASALONGA	CALO	1	1
RAXÓ	CACHEIRAS	1	1
RECESENDE	RECESENDE	1	1
REIS	REIS	1	1

O Centro conta ademais cunha sede administrativa que está situada en *Solláns-Calo*. Nesta sede teñen lugar as reunións semanais de todo o claustro, ademais de ser o punto de encontro para levar a cabo diversas xuntanzas de: Proxectos Educativos, reunións da ANPA, reunións de AMCRAGA (Asociación de Mestres dos colexios rurais agrupados de Galicia) e por suposto, é onde se levan a cabo as tarefas de **Dirección, Xefatura de Estudos, Secretaría e Orientación**.

2.3.- EQUIPAMENTO

En canto ao equipamento, todas as aulas están dotadas de material informático, pizarra dixital, materiais de xogos... aínda que se están empezando a avariar debido a que son antigos e á humidade que temos nas aulas (probablemente porque están mal ailladas), isto fai que os equipos se estropeen con frecuencia e a UAC tarda en atender as nosas peticións de arranxos así como de envío de material informático novo.

2.4.- CENTROS ADSCRITOS

O noso alumnado, escolarizado dende 4º de ed. Infantil ata 2º de ed. Primaria, conta con dous colexios adscritos nas zonas próximas, deste xeito, cando rematan no noso centro, a gran maioría escolarízanse no CEIP A Ramallosa (Reis, Recesende, Cacheiras e Raxó) e o resto do alumnado, no CEIP A Igrexa-Calo (Casalonga). Con eles levamos a cabo no mes de xuño unha xornada de convivencia para falicitar ao noso alumnado o tránsito ao novo centro.

2.5.- HORARIOS E OFERTA EDUCATIVA

Os martes, en sesión de tarde de 16:30 h. ata as 19:30 h. realízanse tarefas de acción tutorial e celébranse as reunións de traballo dos diferentes equipos. Os xoves, tamén en sesión de tarde dende as 16:30 ata as 18:30 temos aberta a biblioteca do centro, situada en Aido, alí os pequenos, en compañía dun familiar, poden disfrutar da lectura e de distintos xogos, así como tamén levar libros para a casa a través do préstamo bibliotecario.

En canto á oferta educativa, contamos con cinco escolas e oito unidades. Son 3 unidades de infantil, 3 unidades de primaria e 2 unidades de infantil e primaria na mesma aula.

No curso actual somos 16 profesores (entre titores e especialistas) traballando no Cra.

2.6.- CONDICIÓNNS DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNNS DO CENTRO

USO DA BIBLIOTECA

Funciona como biblioteca unha das escolas que pechou en cursos atrás, está situada no lugar de Aido e permanece aberta todos os xoves pola tarde para que o noso alumnado poida disfrutar deste espazo xunto cos seus pais.

A Biblioteca é o lugar de arquivo da gran maioría do material bibliográfico, de audio, vídeo, xogos... do centro. Aínda que en todas as aulas teñen a súa propia biblioteca para que os nenos teñan un contacto máis directo e diario cos libros e dende as cales tamén fan o préstamos de libros para a casa.

O alumnado, así como as súas familias e o profesorado respectarán en todo momento as normas de funcionamento da biblioteca xeral establecidas polo equipo encargado. Non se permite retirar ningún material sen que quede rexistrado. Cada mestre/a – titor/a é responsable do seu grupo de alumnas/os cando acoden á biblioteca na xornada que lle toca e as familias cando van en horario de tarde. Velarán porque o material se deixe no lugar correspondente. Os libros que se retiren para a biblioteca de aula deben quedar tamén debidamente rexistrados. Estamos comenzando a facer os rexistros co programa Meiga.

Ao remate de cada curso escolar, dende o equipo de biblioteca, propóñense diferentes temáticas a traballar por trimestres, nestes proxectos participa todo o alumnado e profesorado dende as diferentes aulas. Cada trimestre faremos unha semana especial onde cada grupo irá a pasar a súa xornada lectiva na biblioteca, alí levaráanse a cabo actividades deseñadas polas titoras e unha actividade proposta polo Equipo de biblioteca do centro, así como a propia formación de usuarios, co fin de que os pequenos aprendan a manexarse cos diferentes libros que temos, a súa correcta colocación, o seu uso e disfrute... Calquera membro da Comunidade Educativa pode facer uso destas instalacións fóra do horario de apertura previa comunicación e autorización da Dirección do Centro, respectando en todo momento as normas e facéndose cargo dos desperfectos que se ocasionen.

AULAS EDUCATIVAS

Será responsabilidade do mestre/a-titor/a a utilización e o coidado das súas aulas e de todo o material que haxa nelas en especial dos medios informáticos de acordo ás normas de utilización dos mesmos. Pero neste coidado debe colaborar tamén todo o profesorado que pase por elas. A apertura e o peche das aulas correspóndelle ao titor ou ben ao especialista que imparta clase nesa aula a primeira ou a última hora, tendo conta de que todo quede en perfectas condicións para a xornada seguinte.

As aulas poderán ser utilizadas tamén para a realización de actividades extraescolares previo aviso e autorización da Dirección. Neste caso, o material do alumnado e profesorado de ditas aulas non poderá ser utilizado. As persoas que as utilicen serán responsables, do bo uso das mesmas, da vixilancia do alumnado e dos seus desperfectos se así fora o caso.

PATIOS

Nos tempos de recreo, vixiarase que as portas dos patios estean debidamente pechadas posto que todas as escolas están ao carón dunha carretera, por este motivo coidaremos de pechar con chave estes portais mentras dure o recreo.

O profesorado que nese momento estea a impartir docencia nunha aula será o encargado de vixiar o recreo. De non ser o caso vixiarán os Mestres titores ao seu grupo de alumnos e no caso en que haxa dúas aulas poderán turnarse entre os dous titores sempre e cando non pasen da ratio establecida.

As persoas alleas ao centro non poderán permanecer no recinto escolar en horario lectivo, salvo autorización do profesorado e por motivos xustificadas.

2.7.- PERSOAL DOCENTE

O catálogo de postos de traballo está completo e todos os postos necesarios están cubertos.

- ✓ Cinco titores de infantil
- ✓ Tres titores de primaria
- ✓ Un especialista de Inglés
- ✓ Un especialista de Música
- ✓ Un especialista de Ed. Física
- ✓ Un especialista de P.T.
- ✓ Un especialista de A.L.
- ✓ Unha mestra de apoio
- ✓ Unha mestra de Relixión Católica
- ✓ Unha orientadora

3.- TRAZOS DEFINIDORES DA NOSA PEDAGOXÍA.

3.1.- SINAIS DE IDENTIDADE

Partindo de que a educación é un dereito fundamental, dende o C.R.A de Teo traballamos cuns compromisos que concretamos dentro do seguinte marco educativo:

QUEREMOS UNHA ESCOLA:

- ❖ PLURAL: Renunciamos dende a escola a todo tipo de sectarismo declarándonos esencialmente respectuosos co dereito á liberdade de pensamento, ideas e opinións que sexan compatibles coa Declaración dos Dereitos Humanos.
- ❖ INTEGRADORA: Unha escola para a igualdade e non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, relixiosas ou morais, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas.

- ❖ **ACONFESIONAL** : O Centro como Comunidade Educativa non ten carácter confesional e debe garantir polo tanto unha educación baseada no respecto e tolerancia das crenzas individuais dos seus membros.
- ❖ **COMPROMETIDA COA CONVIVENCIA**: Escola comprometida coa formación para a paz, que rexeita a violencia, esixente no respecto á dignidade e integridade dos membros da Comunidade escolar. O noso alumnado formarase para a resolución pacífica de conflitos, para a xustiza e para a liberdade.
- ❖ **DEMOCRÁTICA**: Considerando o Colexio como espazo para a convivencia. Desenvolveranse en xeral os valores democráticos: tolerancia, participación, responsabilidade, diálogo permanente... de xeito que o noso alumnado experimente un modelo democrático de convivencia.
- ❖ **NON SEXISTA**: O Centro, valorando o enriquecemento que supón a complementariedade, aposta pola coeducación, ou educación na igualdade de sexos.
- ❖ **PROGRESISTA**: A escola mirará cara ao futuro, transmitindo os valores que incidan no desenvolvemento integral da persoa. Atenderemos tanto a formación académica coma a formación persoal e o desenvolvemento da capacidade crítica.
- ❖ **RELACIONADA COA CONTORNA** Consideramos fundamental que a escola estea integrada na contorna, valorando positivamente as oportunidades e as colaboracións que nos ofrece, establecendo unha relación de cooperación e respecto mutuo.

Entendemos que este traballo debe levarse a cabo de xeito conxunto entre todos os integrantes da comunidade educativa.

3.2.- LINGUAS DO CENTRO

Respectando a lexislación e normativa vixentes recoñécese o dereito de cada membro da Comunidade Escolar a utilizar calquera das linguas oficiais, respetando en infantil a lingua materna do alumnado. Debido á súa relación e integración na contorna o centro avogará pola normalización lingüística nas relacións entre os diferentes membros da Comunidade e no plano administrativo. Ao remate da escolarización, o alumnado terá adquirida unha competencia axeitada nas dúas linguas, castelá e galego.

Considerando ademais o nosa lingua como sinal de identidade da nosa terra, se potenciará a formación do alumnado en tódolos eidos da cultura galega: lingua, literatura, historia, arte, xeografía, costumes, tradicións, festas populares e outros aspectos sociolóxicos relevantes. Traballaremos na procura de integrar a toda a Comunidade Educativa na contorna e na realidade galega.

A lingua estranxeira será impartida segundo a lexislación vixente na Ed. Infantil e na Ed Primaria e a maiores teremos un curso máis unha sección bilingüe en 1º e 2º de E.P. impartindo a asignatura de artística: plástica en lingua inglesa. Estas clases serán impartidas pola mestra de inglés ou por profesorado cualificado para tal efecto.

Na educación primaria, adquirese a competencia lingüística propia para esta idade, nas dúas linguas oficiais de Galicia, o galego e o castelán, impartindo en castelán lingua, matemáticas e E.F. e as restantes materias en lingua galega.

3.3.- LIÑA METODOLÓXICA

Entendemos o labor educativo baseado no respecto mutuo, no diálogo e a reflexión. Partiremos dunha avaliación inicial dos contidos que nos permitan axustar a ensinanza-aprendizaxe ao diferente nivel dos distintos escolares.

Adaptaremos o ensino aos diferentes ritmos e capacidades de aprendizaxe, flexibilizando na medida do posible os tempos escolares, coa finalidade de atender á diversidade do alumnado e facilitar a participación dos nenos e nenas en actividades complementarias.

Flexibilizaremos tamén a temporalización das Unidades Didácticas para adaptar a aprendizaxe dos contidos aos diferentes ritmos de aprendizaxe. Consideramos ao alumnado centro da tarefa educativa, suxeito e protagonista da súa propia formación e membro activo da Comunidade Educativa.

A ensinanza será activa, potenciadora do aprender a pensar e da creatividade do alumnado .

Procuraremos un ensino globalizado, tratando os contidos das distintas áreas do coñecemento de forma interrelacionada a fin de impulsar a comprensión, a motivación e a funcionalidade das aprendizaxes.

Non existe unha única liña metodolóxica de traballo , xa que cada mestre ten o seu estilo de ensinanza, o que sí se intenta, paralelamente ao traballo individual de cada profesor, é levar a cabo unha liña de traballo conxunta a través de proxectos que

parten dende a biblioteca e chegan a todo o alumnado a través dunha temática común, na que se involucra todo o claustro, resultando deste xeito moi enriquecedora.

Concebiremos a biblioteca escolar como gran centro de recursos, un espazo dinámico que favoreza a construción do coñecemento e estímulo enriquecedor da actividade na aula. Será a ferramenta que sirva de motor para a participación de todo o profesorado en diferentes programas e proxectos comúns. Daremos pulo á súa función como axente de compensación social, e por este motivo terá un horario de apertura tamén fóra do horario escolar.

O Centro aposta decididamente pola actualización dos seus recursos, en especial os recursos TIC (tecnoloxías da información e da comunicación) como ferramentas integradoras do coñecemento e formadoras da competencia dixital que demandan os novos tempos. A formación e actualización do profesorado é clave neste aspecto, polo que será preciso promovela e fomentala.

Como escola entendemos que o respecto, a organización, a orde, a atención, a escoita activa e o esforzo son indispensables para o pleno desenvolvemento da vida escolar.

O Centro aposta polo traballo en equipo e a coordinación interna dos seus membros, así como cos Centros aos que estamos adscritos co fin de coordinar as aprendizaxes e contidos cos de outros niveis educativos.

Apostamos por unha Escola aberta, rica en aprendizaxes fóra da aula, valorando positivamente as saídas á contorna e as saídas culturais que presidirán unha boa parte da formación do noso alumnado.

Unha escola integrada no medio que dea e reciba, capaz de relacionarse positivamente con toda a Comunidade (pais, organizacións culturais, Concello...), tratando de aproveitar a maior cantidade dos recursos educativos e humanos que nos ofertan estes medios.

4.- OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO: QUE PRETENDEMOS

Á hora de establecer os obxectivos do centro, preténdese que sexan reais e deste xeito plantéxase:

4.1.- ÁMBITO PEDAGÓXICO

- Neste ámbito, fundamental no noso centro pretendemos:
- Mellorar o rendemento académico do alumnado fomentando a capacidade de traballo e o interese pola aprendizaxe.
- Seleccionar e afondar nos contidos curriculares que sexan máis funcionais e de interese para o noso alumnado.
- Interrelacionar os diferentes contidos curriculares para que o noso alumnado adquira un grao de desenvolvemento axeitado nas diferentes competencias.
- Promover hábitos de lectura no alumnado.
- Empregar diferentes técnicas de estudo para mellorar o nivel de rendemento escolar.
- Conseguir un ambiente de respecto e confianza no alumnado, de xeito que se sintan a gusto e seguros, tanto na aula como nas actividades conxuntas que se leven a cabo.
- Impulsar a acción tutorial individualizada e de grupo como algo esencial no proceso educativo.
- Atender a diversidade do alumnado establecendo medidas de apoio e propostas de mellora.
- Poner a disposición do alumnado todos os recursos posibles para que poidan promocionar con éxito.
- Facilitar ao alumnado a incorporación aos centros adscritos, levando a cabo frecuentes canles de comunicación e colaboración.
- Revisar e realizar as adaptacións curriculares para aquel alumnado que precise delas.
- Potenciar as T.I.C. como recurso didáctico para integralas como ferramenta indispensable na demanda da sociedade actual.
- Diseñar programas que propicien a innovación educativa.

4.2.- ÁMBITO INSTITUCIONAL E ADMINISTRATIVO

Neste apartado pretendemos:

- Promover a coordinación docente e a participación de todos os colectivos da Comunidade Escolar, integrándoos na vida do centro e facilitándolle canles de información e participación.
- Distribuír competencias, responsabilidades e funcións a fin de conseguir unha xestión verdadeiramente participativa.

- Elaborar un plan de actividades complementarias e extraescolares cunha oferta ampla, para favorecer a formación integral do alumnado.
- Xestionar de forma consensuada os recursos económicos e materiais do Centro.
- Organizar adecuadamente os espazos do Centro procurando mellorar as súas instalacións, as dotacións de material e de equipamentos para aproveitar ao máximo os recursos dispoñibles.
- Abri-lo Centro cos seus medios e dependencias, ás demandas sociais e culturais do entorno.
- Potenciar unha estreita colaboración coa Anpa do centro, levando a cabo liñas de actuación conxuntas e coordinadas.
- Manter relación de colaboración con toda a comunidade educativa e con outras institucións, tanto educativas como sociais, culturais ou laborais.

4.3.- ÁMBITO HUMANO

Neste ámbito pretendemos:

- Crear un bo clima de traballo e relación humanas afectivas no profesorado que repercuta en toda a Comunidade educativa.
- Recibir e informar axeitadamente ao profesorado que se incorpora novo ao centro cada curso escolar.
- Establecer un marco de convivencia baseado no Plan de Convivencia que permita a tódolos membros da Comunidade Educativa facer uso dos seu dereito sen esquecer as súas obrigas.
- Velar pola seguridade do noso alumnado, promovendo a súa formación no eido da autoprotección e avaliación de riscos.
- Fomentar a responsabilidade, o respecto, o orde e o esforzo como eixes fundamentais do proceso educativo.
- Promover que todo o profesorado potencie unha ensinanza activa.
- Potenciar, estimular e valorar o traballo do profesorado en tódalas facetas da tarefa educativa.
- Formar persoas integrais en coñecementos, competencias e valores en todos os ámbitos da vida: persoal, familiar e social.

5.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO. COMO NOS ORGANIZAMOS. ORGANIGRAMA

- Órganos Unipersoais:
Equipo Directivo
- Órganos Colexiados:
Claustro de Profesores
Consello Escolar
- Equipos de Coordinación docente:
Equipos de etapa de EI e EP
Equipo de Biblioteca
Equipo de Dinamización TIC
Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística
Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares
Comisión de Coordinación Pedagóxica
- Departamento de Orientación

5.1.- ORGANOS UNIPERSOAIS

Son órganos unipersoais a Directora, a Xefa de Estudos e a Secretaria, formando así o equipo directivo:

DIRECTORA	Beatriz M ^a Paredes Villaronga
XEFA DE ESTUDOS	Ana López Roig
SECRETARIA	Pilar Couso Fernández

EQUIPO DIRECTIVO: *A normativa referida ao Equipo Directivo recóllese no capítulo IV, artigos 131 ao 139 da L.O.E. No artigo 132 enuméranse as competencias do Director /a. No decreto 7/1999 do 7 de xaneiro aparecen reflectidas no capítulo II nos artigos 27 ao 35 as competencias de todos os membros do Equipo Directivo*

Criterios de funcionamento:

- ✓ Cumprir e facer cumprir a lexislación vixente
- ✓ Favorecer un clima de traballo grato e respectuoso entre toda a comunidade escolar e coas institucións correspondentes.

- ✓ Fomentar o traballo coordinado e en equipo.
- ✓ Potenciar a implicación de toda a comunidade educativa no bo funcionamento do centro.
- ✓ Coordinar as tarefas dos diferentes equipos.
- ✓ As decisións do Equipo Directivo asumiranse conxunta e colexiadamente, aínda que cada membro do equipo se responsabilice por cuestións de operatividade de tarefas e campos diversos.
- ✓ Gardando a legalidade vixente procuraremos que a toma de decisións sexa compartida cos diferentes órganos do Centro.
- ✓ Procuramos a transparencia informativa de todas aquelas cuestións que afectan a toda a Comunidade Escolar.
- ✓ Dar pulo a proxectos e traballos creativos en calquera ámbito da vida do centro tanto a nivel colectivo como individual.
- ✓ Potenciar as actividades encamiñadas ao perfeccionamento profesional.
- ✓ Comunicación directa con todos os membros da Comunidade Educativa.

5.2.- ORGANOS COLEXIADOS

- **CLAUSTRO DE PROFESORES:** *É o órgano pedagóxico supremo do Centro, a súa composición e competencias veñen recollidas no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, no capítulo III, artigos 46 e 47 e no capítulo III, sección 2ª, artigos 128 e 129 da L.O.E.* A frecuencia das reunións procurarase que sexa mensual, co fin de informar e acordar aqueles aspectos educativos nos que consideramos necesarios a aprobación e o consenso. Cando os aspectos a debater sexan relevantes e co fin de axilizar ao máximo as reunións facilitarase o acceso a toda a información dispoñible sobre a orde do día. Intentarase buscar o maior índice de consenso nas decisións que se tomen así como no cumprimento das mesmas.

O claustro está formado por todos os mestres do centro, contando no curso actual con 16 .

- **CONSELLO ESCOLAR:** *É o órgano máximo de participación dos diferentes sectores da Comunidade Educativa. A súa composición e competencias veñen recollidas no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de*

educación primaria, no capítulo III, artigos 37 e 43 e no capítulo III, sección 1ª, artigos 126 e 127 da L.O.E. As competencias do Consello Escolar, artigo 127, deben entenderse como complementarias, nunca antagónicas, coas propias do Claustro de Profesores e das dos órganos unipersoais de goberno. O Consello reunirase polo menos en tres ocasións ao longo do curso. Todas as reunións celebraranse fóra do horario lectivo e en horas nas que tódolos membros poidan asistir. Nas reunións ordinarias o director remitiralles aos membros do órgano colexiado, xunto coa convocatoria, e cunha antelación suficiente, a documentación necesaria para o mellor desenvolvemento da sesión. Se os asuntos que se vaian tratar así o aconsellan, poderán realizarse convocatorias extraordinarias cunha antelación mínima de corenta e oito horas e sen suxección a prazo previo nos casos de urxencia. Dentro do Consello Escolar funcionarán as seguintes comisións: Comisión Económica e Observatorio de Convivencia.

5.3.- EQUIPOS DOCENTES:

- **Equipos de Ciclos:** *É un órgano de coordinación docente e as súas funcións así como as competencias do coordinador/a, veñen recollidas no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e modificado polo decreto 7/1999, no capítulo I, no título III* O ciclo está composto por todo o profesorado que ten titoría neses niveis e por profesorado especialista, que se adscribe voluntariamente segundo nº de horas de docencia que teña en él, a súa preferencia; e procurando que todos (Ed. Infantil, Ed. Primaria) teñan un número similar de membros. Cada ciclo ten un coordinador/a proposto/a entre os seus membros e designados polo director/a do Centro. Deberán ser mestres que impartan docencia no ciclo, preferentemente con destino definitivo e horario completo no Centro. Normalmente reunirase cunha periodicidade mensual, podendo ter variacións debido a necesidades educativas puntuais. No ciclo analízanse e débátese todas as propostas referidas á programación, actividades complementarias ou extraescolares-no seu caso-, conmemoracións, avaliacións, criterios de avaliación, adecuación de libros de texto, atención á diversidade, co fin de tomar as decisións educativas oportunas e levar as propostas dos seus membros á Comisión de Coordinación Pedagóxica, ao Dto de Orientación, aos diferentes Equipos de Dinamización e ao Claustro. Para preservar a unidade

do Ciclo todas as decisións deberán ser acadadas con consenso e asumidas por todo o profesorado que imparte docencia nalgún dos seus niveis.

➤ **Equipos**

Funcionan os seguintes equipos:

- Equipo de actividades complementarias e extraescolares
- Equipo de dinamización e normalización lingüística
- Equipo de dinamización de biblioteca
- Equipo de dinamización T.I.C.

Todo o profesorado debe estar adscrito a algún equipo ou comisión. Procurarase que en todos os equipos exista profesorado representante dos distintos ciclos. Dito profesorado informará aos demais membros do ciclo dos acordos tomados nos diferentes equipos e a previsión de tarefas e actividades previstas.

Os equipos reuniranse normalmente unha vez ao mes se é o caso. Este calendario poderá ser modificado en función das necesidades do Centro. As decisións tomadas polos diferentes equipos deberán ser informadas ao Claustro co fin de ser debatidas e aprobadas.

Haberá relación fluída entre os equipos co fin de interactuar, colaborar e participar conxuntamente nas ocasións que así o requiran: en proxectos, actividades ou conmemoracións comúns.

As competencias dos Equipos de normalización lingüística e de Actividades complementarias e extraescolares e as dos seus coordinadores/as veñen reguladas no Regulamento Orgánico das escolas de Ed.Infantil e dos colexios de Ed. Primaria(Decreto 374/1996 do 17 de outubro.D.O.G 21/10/1996)e na Orde do 22 de xullo de 1997(D.O.G. 2 de setembro de 1997) As funcións dos equipos de

dinamización veñen reguladas na Orde do 17 de xullo de 2007 (D.O.G. 24 de xullo de 2007)

- **Departamento de orientación:** O departamento de Orientación colabora co Equipo Directivo no deseño de accións educativas e toma de decisións así como na relación cos pais/nais. Reúnese unha vez á semana e sempre que o horario o permita en horario lectivo. A última semana de cada mes dedicarase ao estudo, análise e avaliación de todo o alumnado de N.E.A.E. e só se reunirán o Xefe do Departamento de Orientación o profesorado de P.T. e A.L. e a Xefatura de Estudos.
- **Comisión de Coordinación Pedagóxica:** *A composición, a organización e as competencias da comisión de coordinación pedagóxica son as que establecen nos artigos 61 e 62, capítulo II, título III, do Regulamento orgánico das escolas de E.Infantil e dos colexios de E.Primaria e na orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de Ed Primaria.*

6.- RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E CO ENTORNO

Este centro aposta por manter sempre as mellores relacións coas familias e as institucións con que se relaciona, buscando a fluidez, o trato respectuoso, a colaboración e a participación en todas as actividades propostas. Poñeremos especial atención na relación con: Familias, Centros adscritos, outros centros do concello de Teo, Anpa e co Concello de Teo.

7.- ANEXOS

ESTE PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO FARÁ REFERENCIA AOS SEGUINTE PROXECTOS DE XESTIÓN :

- ✓ **NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**
- ✓ **PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL**

✓ **PROXECTO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

✓ **PLAN LECTOR**